

**1.- Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:**

- a) O gas maioritario na atmosfera é o nitróxeno
- b) A atmosfera primitiva era redutora
- c) A temperatura diminúe coa altura en toda a atmosfera
- d) A aceleración de Coriolis é máxima no ecuador e mínima nos polos
- e) A fronte polar é a zona de contacto entre o vento tropical e o polar.
- f) O vento predominante nas nosas latitudes procede do noroeste (NO)
- g) As augas de climas cálidos son as máis produtivas
- h) A circulación termohalina depende de diferenzas de densidade

**2.- Realiza tres frases coherentes** utilizando en cada unha **tres e so tres** dos termos seguintes sen repetilos, dos que sobrarán un.

inversión / termoclina / precipitación / mestura / evaporación /  
néboas / auga / contaminación / vento / escorrentía

**3.- Define brevemente:**

termoclina / acuífero / afloramento / estratosfera / efecto Coriolis

**SOLUCIÓNS:**

1.-

a	b	c	d	e	f	g	h
V	V	F	F	V	F	F	V

2.- Pode haber varias solucións. En primeiro lugar agrupamos os termos en grupos de tres para tratar de relacionalos e comprobar cal é o sobrante:

- termoclina - mestura - auga

*A desaparición da termoclina produce a mestura das augas*

- inversión - néboas - contaminación

*As situacións de inversión térmica producen neboas e acumulan a contaminación*

- precipitación - evaporación - escorrentía

*Precipitación, evaporación e escorrentía son procesos do ciclo hidrolóxico*

Sobra: **vento**.

3.- *Termoclina*: límite que separa capas de auga de diferente densidade en lagos ou mares, distinguíndose unha capa superficial de auga quente e menos densa, doutra profunda de auga fría densa, impedindo a súa mestura.

*Acuífero*: formación rochosa que permite o almacén e a circulación de auga subterránea, sendo unha importante reserva de auga doce continental.

*Afloramento*: Ascenso de auga profunda fría e rica en nutrientes en zonas costeiras, xeralmente a causa do desplazamento da auga superficial mar adentro, por acción de ventos como os alisios.

*Estratosfera*: capa da atmosfera comprendida entre 12 e 50 km de altura, con importante función protectora porque contén a capa de ozono (O<sub>3</sub>), que filtra gran parte da radiación ultravioleta solar, con efectos dañinos para a vida (mutacións no xenoma). A absorción de radiación fai que nesta capa a temperatura ascenda.

*Efecto Coriolis*: efecto debido ao movemento de rotación da Terra e do seu xiro, de maneira que desvía cada elemento que se desprace pola súa superficie cara a dereita no hemisferio norte e cara a esquerda no hemisferio sur; é máximo nos polos e nulo no ecuador. Afecta á circulación atmosférica e oceánica.